

Texto de Manuel López Torrente utilizado na presentación do ensaio *Xeografía real e mítica das augas de Galicia*, de Gonzalo Xosé de Francisco da Rocha.


Frecuentemente a Xeografía se coloca como unha disciplina, mais ou menos divertida, que nos di onde quedan tal ou cal cidade ou tal ou cal río ou montaña. Pero a xeografía é moito máis que os mapas. A xeografía está en moitas das nosas accións cotiáns. Conforma o noso xeito de vida e condiciona o modo de ver a vida da xente que vive nun determinado lugar.

Como non podía ser menos en Galicia, a xeografía marca o noso modo de ser e, Gonzalo, neste libro, aplica a súa particular lupa para ver onde se manifesta esta alianza entre a xeografía, particularmente a costeira, e a peculiar forma de ser dos galegos.

Gonzalo é home de ampla formación e iso nótase en cada liña deste libro.

Hai un fondo traballo de documentación, eu diría que amoroso traballo de documentación que fai que a cada páxina que pasemos, nos asombremos dos datos cos que vai salpicando o relato.

Digo o "relato" é o digo con intención xa que o libro é como un conto que se vai desenvolvendo, pouco a pouco, polos diferentes escenarios que ofrece a costa galega. Digo isto porque alguén podería pensar que ao tratarse dun libro de alto contido científico podería ser un "ladrillo" deses aos que nos teñen acostumbrados algúns escritores do ámbito académico. Nada máis lonxe, Gonzalo é mestre, é un deses mestres que ten que lidar todos os días con alumnos non demasiado motivados e tenta buscar a maneira de que se acheguen ao coñecemento como algo útil e divertido. Non o pode evitar e esa pedagogía rezuma por todas partes. A propósito disto, gustaríame reivindicar o papel da divulgación.



Para que os cidadáns apoiem a investigación hai que explicarlles que é o que se investiga e para que serve. Non é imprescindible que o científico sexa un divulgador, pero debe haber sempre alguén que se encargue da tarefa de publicar e de que o publicado sexa accesible. Non é raro atopar nos andeis das bibliotecas auténticos “tochos” cheos de palabrería absurda que non teñen máis utilidade que a de servir circunstancialmente para equilibrar unha mesa cunha pata máis curta que as demais.

Xeografía real e mítica das augas de Galicia, estou convencido, vai facer novos afeccionados a esta ciencia. Non digo que moitos porque este “vicio” da lectura está moito menos difundido que outros. Este libro ensínanos a ver a paisaxe doutra maneira e nos explica a morfoloxía do que vemos, como vive a xente dese lugar, que pasou nese lugar e incluso o que imaxinaron os que alí viven ou viviron.

Subliño a expresión **“...o que imaxinaron os que alí viven ou viviron”** porque esta xeografía non só fala de datos físicos, senón que tamén se ocupa de aspectos tan interesantes como son as lendas, os mitos e as referencia literarias que inspiran o mar, a auga, os accidentes xeográficos ou simplemente a observación da paisaxe.

É a xeografía realmente humana, a xeografía vista cos ollos da ciencia pero tamén cos da sensibilidade artística, a xeografía vista desde o noso gozo, desde a nosa felicidade e tamén, por que non, desde os nosos medos.

O autor é un home que reacciona ante o espectáculo grandioso na natureza e o transforma en texto, en literatura para así, xenerosamente, poder compartir esa experiencia.

Para rematar voulle pór unha tacha –porque non todo pode ser bo- e é que Gonzalo nos ten mal acostumados desde o seu libro anterior: *Orientarse pola Ribeira Sacra: Viaxe ao interior*. E estoume a referir ás acuarelas. Como artista polifacético que é, boto en falta esas ilustracións tan persoais.

En fin, que este non é un libro de andel, é un libro para levar na man cando un quere viaxar pola costa galega gozando cos cinco sentidos, e, ao mellor, algún máis.

Manuel Torrente